

CURTAMETRAXES DE ANIMACIÓN PARA TRABALLAR A EDUCACIÓN EMOCIONAL

As curtametraxes de animación son un medio didáctico cun gran potencial porque nos permiten poñernos facilmente na pel dos seus protagonistas, identificar emocións e sentimentos, observar e analizar críticamente como os seus protagonistas xestionan os seus propios sentimentos e competencias emocionais. En definitiva, o seu toque fresco e divertido axudan a dinamizar calquera sesión e a traballar intensamente sobre educación en valores e intelixencia emocional.

A continuación, presentámosvos unha listaxe de Curtos Animados para traballar as emocións:

PAXARIÑOS ("For The Birds') <https://youtu.be/tqvQ8UiLV4I>



Este divertido curto creado por Pixar e galardoado cun Óscar á mellor curtametraxe animada no ano 2000, farache reflexionar sobre o encanto de ser diferente e o valor da autoestima.

Esta historia presenta os intentos dun paxaro un tanto estrafalario por integrarse nunha comunidade de pequenos pajaritos. Pousado nun cable de tendido eléctrico o estraño e enorme paxaro será obxecto de burlas por parte do grupo.

A OVELLA PELADA ("Boundin") https://www.youtube.com/watch?v=t1u_4T3_9XE



Nomeado ó Óscar de animación de 2003, esta historia preséntanos a unha orgullosa ovella bailarina de pel rosada e cunha abundante la branca. Tras ser trasquilada a ovella vemos como atravesamos distintos procesos mentais ata aceptar a situación.

Un animal mitolóxico, o conejilope, axudará á triste ovella a superar o seu estado emocional. Este curto nos acerca dunha maneira divertida e amena á xestión dos propios sentimentos e emocións.

PARCIALMENTE NUBLADO ("Partly Cloudy") <https://www.youtube.com/watch?v=Yco8av5NL1I>



Realizado por Pixar Animation Studios para ser exhibido xunto coa película Up (2009), este curto cóntanos que os bebés que traen as cegoñas non veñen de París senón que son "fabricados" polas nubes. As nubes fan bebés de todo tipo: humanos, cans, osos,... Unha das nubes, é a encargada de facer bebés de animais perigosos. Nesta divertida historia vemos como se tece unha divertida relación entre a cegoña e esta nube tan especial.

RATÓN EN VENTA ("Mouse for sale") <https://youtu.be/XxvLDL8Smck>



Snickers é un orelludo rato solitario nunha tenda de animais. O pobre ratonciño ansía ser comprado por alguén. Pero as súas enormes orellas parecen ser un grande obstáculo.

O rato é obxecto de burlas e risas por parte dos nenos que entran na tenda de mascotas. Ata que un día a porta se abre cun novo cliente a quen non lle importará o tamaño das súas enormes orellas.

A GALIÑA OU O OVO ("Chicken or the egg")

<https://www.youtube.com/watch?v=EbOh4d6nMKY>



Esta curtametraxe de animación creado por dous estudantes da escola de Arte e Deseño Ringling College, relata o cambio dun porco apaixonado a comer ovos en todas as súas variantes.

Todo cambiará para este porquiño cando coñece a unha preciosa galiña, a partir deste momento deberá elixir entre o ovo ou a galiña.


O AGASALLO ("The present") <https://www.youtube.com/watch?v= RP1GsCyoAE>



O Agasallo é unha curtametraxe alemá galardoada con máis de 50 prestixiosos premios en festivais de cinema de todo mundo. Neste curto podemos ver a reacción e posterior evolución dun neno cunha perna amputada ó que a súa nai lle fai un agasallo moi especial: un cachorro coa perna dianteira amputada.


Este cachorro demostralle ó pequeno que a pesar das súas dificultades non se rende. A pesar de tropezar e caerse unha e mil veces, segue xogando.

LÉVAME CONTIGO ("Take me home") <https://www.youtube.com/watch?v=pp-UYqOtxX4>



É un curto de animación en 3D que nos convida a reflexionar sobre como sente un can dentro dunha canceira municipal e as súas ansias por ser adoptado. O protagonista, un divertido sabueso, móstranos como a pesar de múltiples rexeitamentos non se dá por vencido.

A PONTE <https://www.youtube.com/watch?v=owM3Pf1tufU>



Esta divertida animación mostra como facer espazo para os demais. No curto vemos como dous dos seus catro protagonistas se afastan dos seus propios intereses e alcanzan un acordo beneficioso para ambos para poder atravesar a ponte.

DÍA E NOITE ("Day and Night") <https://www.youtube.com/watch?v=9s0r8JWQtE4>



Día e Noite son dous personaxes que teñen inicialmente unha tensa relación froito da envexa e a falta de comprensión o un do outro.

Pouco a pouco Día e Noite van descubrindo novas facetas no outro que lles resultan interesantes e lle atraen. Finalmente, ambos personaxes deciden fundirse nun tenro abrazo e desde ese momento empezan a experimentar emocións e sentimentos que ata o de agora non vivenciaran.

CAIXA DE MONSTRUOS ("Monstersbox") <https://www.youtube.com/watch?v=GB-VfspCQYs>



Curto de animación creado pola Escola de Arte e Deseño Bellecour que se centra na relación entre unha persoa maior e unha travesa nena. Este curto móstranos o poder da amizade, a importancia da escoita, do respecto e da empatía.

E AGORA...UN VIDEO-XOGO..."QUE EMOCIÓNS É?"



<https://www.youtube.com/watch?v=s7inwr36UXA>